H2... Pingas científicas Oh!!!

Un espectáculo teatral de María Canosa e Teatro dos Ghazafelhos:

Teatro dos Ghazafelhos

Ilustracións de
Luz Beloso

Imaxe do álbum editado
por 'Editorial Galaxia'

EDITORIAL GALAXIA

Quen somos?

Ghazafelhos é unha compañía nacida en Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho. Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral, especialízanse en obras teatrais para publico familiar. Na súa andaina como compañía, realizan contacontos, títeres, mímica e obradoiros de teatro para nen@s e adult@s. Adoptando ideas como Michael Ende en MOMO, "escoitar aos demais" ou Antoine Sain-Exupêry "o esencial é invisible aos ollos..." e procurando contar historias simples e profundas como Charles Chaplin.

Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias as grandes xenialidades que entenderon o máis efémero da nosa vida: a infancia.

María Canosa, (Cee, 1978) é Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, profesión que compaxina coa carreira literaria e é a autora do libro H2...OH!!!, gañador do gañador do Premio Follas Novas 2021 á mellor publicación de divulgación. Caracterízase a súa escrita por un estilo literario evocador e poético, con unha forte conexión coa natureza e o imaxinario galego.
A súa prosa é fluída e próxima, combinando realismo e fantasía con gran sensibilidade. Na literatura infantil e xuvenil, aposta por historias cargadas de emocións e mensaxes profundos, como en Rubicundo ou A cazadora de estrelas, onde as personaxes enfrontan dilemas humanos e universais.





Sinopse

H2..OH! É unha peza teatral baseada no libro do mesmo título de María Canosa.
Unha divulgadora científica e dous doutores de ciencias mundialmente coñecidos, Montsilia Brasilisca e Pepablov Pasparof, son os protagonista desta historia.

H2...OH! Achéganos ás curiosidades científicas que experimentamos no noso día a día...
Sabías que os cascos protectores inventáronos os paxaros? Ou por que hai espellismos?A que non te decataras de que hai animais que nunca beben auga? Ou porque o número Pi é infinito e non remata nunca? Estas son algunhas das curiosidades ás que daremos resposta!

A loucura destes científicos e a extravagancia dos seus experimentos farán que o publico teña unha experiencia inesquecible potenciando o alicerce de toda ciencia: a curiosidade.

Temática

H2..Oh! é un laboratorio científico teatralizado; unha proposta chea de curiosidades científicas e humor dirixida a todos os público. Baseada no libro homónimo de María Canosa gañador do Premio Follas Novas 2021 á mellor publicación de divulgación, H2...Oh! está protagonizada pola propia autora en calidade de divulgadora científica e o matrimonio Curie (Teatro Ghazafelhos).

Entre as tres protagonistas achegarán información científica singular como, por exemplo, que os paxaros foron os inventores dos cascos ou porque o número Pi non remate nunca. Coa inestimable axuda do público realizaranse experimentos científicos que axudarán a levar, finalmente, a teoría á práctica.

Con esta proposta, Teatro Ghazafelhos contribúe a normalización social do galego no ámbito da cultura e do lecer, así como no da ciencia e dos estudos académicos. É así como combate o prexuízo de que é unha lingua relegada a usos non profesionais ou informais. A través dos distintas escenas da obra, e sempre utilizando o humor e a imprescindible participación do público, H2... Oh! visibiliza o galego como un idioma rico e diverso, tanto para a expresión en espazos de lecer como para o pensamento e a investigación.

O guión da peza está orientado a favorecer a vivencia positiva do galego entre as persoas do público e a incrementar o seu uso e prestixio entre a infancia e as familias asistentes. A presencia da escritora María Canosa como unha das protagonistas do espectáculo contribúe tamén a visualizar que ademais de para escribir, o galego é unha lingua útil e rica para expresarse e relacionarse.

Ficha artítica

- Elenco María Canosa, Montse Piñón, Pepablo Patinho
- Guión María Canosa
- Dirección Pepablo Patinho
- Deseño e construción de escenografía Teatro Ghazafelhos
- Produción Teatro Ghazafelhos

Ficha técnica

Publico: familiar a partir de 6

Duración: 50 min.

Conexión á rede eléctrica convencional 220v

H_2O
Oh!!!

Distribución:

urdime

comunicacion@urdime.net

Tfln.: +34 981 937 424 · +34 619 920 335